

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28 DE NOVEMBRO DE 2022

1ORDE DO DÍA

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00052793Q.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Extraordinaria-urxente de data 9 de novembro de 2022.
- Extraordinaria-urxente de data 10 de novembro de 2022 ás 10:30 horas.
- Extraordinaria-urxente de data 10 de novembro de 2022 ás 14:15 horas.
- Ordinaria de data 14 de novembro de 2022.
- Extraordinaria-urxente de ata 15 de novembro de 2022

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00036177Y.

Licenza para obras de rehabilitación enerxética do edificio situado na Rúa San Pedro de Mezonzo, 36.

Acórdase conceder á Comunidade de Propietarios San Pedro de Mezonzo 36 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 06/07/2022, cun orzamento de execución material de 183.935,00 €, obras de rehabilitación enerxética do edificio situado na Rúa San Pedro de Mezonzo, 36 Santiago de Compostela (A Coruña).

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1437/2017.

Aceptar cesión de viario formalizada en escritura pública e declarar a innecesiedade de parcelación no Lugar Berdía.

Acordase:

Primeiro: Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 22/09/2022, outorgada ante Notario co número de protocolo mil setecentos tinta e seis. Deberase presentar a escritura liquidada no prazo dun mes.

Segundo: Estimar a solicitude e declarar a innecesiedade de parcelación no Lugar Berdía Santiago de Compostela, (A Coruña), Parcela Referencia Catastral 0363701NH4506C presentado na data 04/08/2017 e 28/09/2022.

Como consecuencia a parcela matriz queda configurada nas seguintes parcelas de resultado:

PARCELA RESULTADO 1: Superficie bruta de 1.048m2solo. Superficie neta 763,00m2s Cesión 285,00m2s. Solo Clasificado de Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado, Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais

PARCELA RESULTADO 2: Superficie Bruta e Neta de 1.833m2solo. Solo Clasificado Rústico Categoría Protección Ordenanza 19. Solo rústico de protección de augas.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/737/2020.

Licenza para o proxecto modificado de construción dun edificio de 24 vivendas de promoción pública, garaxes e trasteiros na parcela 4B2 Rúa Castiñeiriño,81 SUNP-13.

Acórdase conceder ao INSTITUTO GALEGO DA VIVIENDA E SOLO, licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o Modificado nº2 do Proyecto Básico y de Ejecución presentado na data 13/06/2022, a construción dun edificio de 24 vivendas de promoción pública , garaxes e trasteiros na parcela 4B2 Rúa Castiñeiriño, 81 SUNP-13 Santiago de Compostela (A Coruña) cun orzamento de execución material de **3.260.662,44 €**, coa condición de desprazar o árbore un módulo a maiores retirando da zona de acceso ao garaxe.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/2041/2019.

Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condición de habitabilidade Decreto 29/2010 e licenza para a rehabilitación de edificio para dous locais e duas vivendas na Praza de Cervantes, 11

Acórdase:

Primeiro.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe do arquitecto municipal de data 10/11/2022 solicitada por J. R.N. para a rehabilitación de edificio para dous locais e duas vivendas na Praza Cervantes, 11 Santiago de Compostela (A Coruña). Segundo.- Remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade e a documentación que achega Terceiro.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico presentado o 27/11/2019 e o proxecto de execución de data de visado do 03/03/2020, cun orzamento de execución material de 139.000,00 €, a rehabilitación de edificio para dous locais e duas vivendas na Praza Cervantes, 11 Santiago de Compostela (A Coruña).

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00019957R.

Denegar a legalización da vivenda sita no LG Lamas de Carballal, 15.

Acórdase denegar a legalización da vivenda unifamiliar sita no Lg Lamas de Carballal 15 Santiago de Compostela, segundo o Documento refundido Proxecto Básico e de Execución de data de visado 13/10/2022 xa que do análise da documentación que obra no Concello dedúcese que o interesado, durante a execución das obras realizadas no Lg de Lamas de Carballal nº 15 (sen axustarse á licenza de rehabilitación de vivenda que fora concedida no expediente LIC/131/2015), non soamente realizou a demolición da edificación orixinal existente para construír outra construción de obra nova, senón que ademais executou unha serie de movementos de terra na parcela que alteraron a rasante natural do terreo (aspecto totalmente probado a través da comparación entre as fotografías do estado previo e as fotografías do estado actual que figuran no expediente de reposición da legalidade DIS/143/2017 incoado ao promotor).

Esta alteración da rasante natural do terreo non se reflicte correctamente no proxecto de legalización achegado, polo que (tal e como se indica no informe desfavorable da arquitecta municipal de data 18/11/2022) non resulta autorizable a licenza de legalización solicitada no Lugar de Lamas de Carballal nº 15.

Faise constar que con data 13/05/2019 o Concello ditou Decreto acordando a demolición da construción realizada no Lugar de Lamas de Carballal nº 15 sen axustarse á licenza, (por considerarse ilegal e ilegalizable de acordo co informe do técnico municipal de data 06/10/2017), e dado que o acordo non foi recorrido polo interesado, a mencionada resolución é firme.

En consecuencia, unha vez esgotado o prazo de legalización, procede iniciar o proceso de execución forzosa da orde de demolición.

7. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2022/00033348Y.

Aprobación definitiva do proxecto de equidistribución do polígono 2 do SUNP-27 (Piñeiro-Villestro).

Acórdase:

Pimero. Autorizar e dispoñer o gasto de 11.684,83 euros, con cargo á aplicación 050 15100 6810000 (proxecto 2017 2 COTAS 24 1 COTAS DE URBANIZACIÓN DO CONCELLO), en concepto de compensación en metálico por diferenzas de adxudicación a cargo do Concello no proxecto de equidistribución do polígono 2 do SUNP-27.

Segundo. Aprobar definitivamente o Proxecto de equidistribución do polígono 2 do SUNP-27 (Piñeiro-Villestro), segundo o documento presentado por URBAN PORTFOLIO INMOBILIARIO S.L o día 20.06.2022

8. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2022/00050108E.

Devolución do aval núm. 9237 presentado por Inmobiliaria Outeiro de Sar S.L., para garantir o pago do terceiro prazo do Convenio de transmisión do aproveitamento urbanístico municipal no Proxecto de equidistribución da AE-1 do PERI de Vieiro.

Acórdase autorizar a devolución do seguinte aval, inscrito no Rexistro Especial de Avais co número 9237:

Importe: 50.000 euros

Avalista: BANCO ETCHEVERRÍA S.A.

Avalado: INMOBILIARIA PAXONAL S.L.

Obrigas avaladas: Pagamento aprazado do prezo estipulado no Convenio urbanístico de substitución do aproveitamento municipal no Proxecto de equidistribución da AE-1 do PERI de Vieiro”, ratificado pola Xunta de Goberno o 19 de xullo de 2012

9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00029664W.

Aprobación do expediente e apertura procedemento de adxudicación da licitación “Servizos enerxéticos e de mantemento integral do alumado público exterior do Concello de Santiago de Compostela”.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente que ten por obxecto a licitación dos Servizos enerxéticos e de tratamento integral do alumado público exterior do Concello de Santiago de Compostela.

O orzamento base de licitación deste contrato é de 49.984.582,31 € (base imponible de 41.309.572,16 € e IVE do 21% por importe de 8.675.010,15 €) e imputarase á aplicación orzamentaria 020 16500 2279900 coa seguinte desagregación por anualidades.

DESAGREGACIÓN ORZAMENTO (con IVE)

- 2023 (10 meses) 3.357.440,79 €
- 2024 (12 meses) 4.818.428,22 €
- 2025 (12 meses) 4.953.259,47 €
- 2026 (12 meses) 4.982.988,73 €
- 2027 (12 meses) 5.013.914,96 €
- 2028 (12 meses) 5.045.614,34 €
- 2029 (12 meses) 5.078.106,22 €
- 2030 (12 meses) 5.111.410,39 €
- 2031 (12 meses) 5.145.547,16 €
- 2032 (12 meses) 5.180.537,36 €
- 2033 (2 meses) 1.297.334,64 €

TOTAL (120 meses) 49.984.582,31 €

Este contrato tramítase como anticipado de gasto de aí que a súa execución quede sometida á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que o han de financiar, ao abeiro do disposto na Disposición Adicional 3ª, apartado 2º, da LCPS e no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de maio, e no artigo 79 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo I do título VI da lei 39/1988 de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de presupostos. O gasto de exercicios futuros queda condicionado á consignación de crédito nos respectivos orzamentos.

Segundo: Autorízanse, ao abeiro do disposto no artigo 174.4 do TRLFL, as devanditas anualidades de gastos e os importes indicados nas respectivas anualidades.

Terceiro: Abrir o procedemento de adxudicación aberto.

10. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

Referencia: OFI S/2022/321.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da relación contable S/2022/321 con cincuenta e unha (51) facturas expedidas por varias empresas, por importe total de 8.449,43 euros, e que comeza pola número F/2022/4099 por importe de 37,59 euros emitida por SOLITIM SL e finaliza pola número F/2022/4937 por importe de 474,65 euros, emitida por RICOH ESPAÑA SLU en concepto de varios servizos de mantemento de copiatoras en diversas instalacións municipais correspondentes entre xuño e setembro de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos da relación contable de facturas S/2022/321 con cincuenta e unha (51) facturas expedidas por varias empresas, por importe total de 8.449,43 euros, e que comeza pola número F/2022/4099 por importe de 37,59 euros emitida por SOLITIM SL e finaliza pola número F/2022/4937 por importe de 474,65 euros, emitida por RICOH ESPAÑA SLU (CIF/NIF: B82080177) en concepto de varios servizos de mantemento de copiatoras en diversas instalacións municipais correspondentes entre xuño e setembro de 2022.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

11. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

Referencia: OFI S/2022/333.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da relación contable S/2022/333 con dúas (2) facturas expedidas por BETTER CONSULTANTS RSL, por importe total de 3.630,00 euros, e que comeza pola número F/2022/3061 por importe de 1.815,00 euros, e finaliza pola número F/2022/4727 por importe de 1.815,00 euros, en concepto de servizos de mantemento de atestados para a Policía Local correspondente ao período entre abril e setembro de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos da relación contable de facturas S/2022/333 con dúas (2) facturas expedidas por BETTER CONSULTANTS RSL por importe total de 3.630,00 euros, e que comeza pola número F/2022/3061 por importe de 1.815,00 euros, e finaliza pola número F/2022/4727 por importe de 1.815,00 euros, en concepto de servizos de mantemento de atestados para a Policía Local correspondente ao período entre abril e setembro de 2022.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo

12. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

Referencia: OFI S/2022/335.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da relación contable S/2022/335 con dezaoto (18) facturas expedidas por varias empresas, por importe total de 2.971,88 euros, e que comeza pola número F/2022/4219 por importe de 85,91 euros, emitida por RICOH ESPAÑA SLU e finaliza pola número F/2022/5143 por importe de 28,75 euros, emitida por RICOH ESPAÑA SLU en concepto de varios servizos de mantemento de copiadoras en diversas instalacións municipais correspondente ao período entre xullo e outubro de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos da relación contable de facturas S/2022/335 con dezaoto (18) facturas expedidas por varias empresas, por importe total de 2.971,88 euros, e que comeza pola número F/2022/4219 por importe de 85,91 euros, emitida por RICOH ESPAÑA SLU e finaliza pola número F/2022/5143 por importe de 28,75 euros, emitida por RICOH ESPAÑA SLU en concepto de varios servizos de mantemento de copiadoras en diversas instalacións municipais correspondente ao período entre xullo e outubro de 2022..

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**13. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR.
Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/337.**

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (3) emitidas pola empresa Sistemas de Seguridade A-1, SL, en concepto de servizos de mantemento de extintores e alarmas en distintas dependencias municipais entre os meses de abril e setembro de 2022

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CATROCENTOS DEZ EUROS CON VINTE E DOUS CÉNTIMOS (410,22 €), segundo relación contable de facturas S/2022/337 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2022/3895 por importe de 137,76 euros, e remata pola factura número F/2022/4740 por importe de 120,85 euros, a favor da empresa SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**14. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR.
Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/338.**

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (2) emitidas pola empresa Los Angeles, SL en concepto de subministración de gas e gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondente ao mes de outubro de 2022.

Acórdase;

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CATRO MIL OITOCENTOS NOVENTA EUROS (4.890,00 €), segundo relación contable de facturas S/2022/338 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2022/5018 por un importe de 3.260,00 euros e remata pola factura número F/2022/5020 por un importe de 1.630,00 euros, todas elas en concepto de subministración de gas e gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondentes ao mes de outubro de 2022, emitidas pola empresa LOS ÁNGELES GAS, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo

**15. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.
Referencia: OFI 1606/2022.**

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura f/2022/4735 expedida por UTE D TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA SAU por importe total de 11.718,91 euros en concepto de servizos voz fixa e conexións correspondentes ao mes de setembro do ano 2022

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de ONCE MIL SETECENTOS DEZAOITO EUROS CON NOVENTA E UN CÉNTIMOS (11.718,91€) correspondentes á factura número F/2022/4735, en concepto de servizos voz fixa e conexións correspondentes ao mes de SETEMBRO do ano 2022

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

16. CENTROS CÍVICOS. Referencia: F/2022/3201.

Subsanación da factura F/2022/3201 emitida por PRODUCCIÓN TEATRAIS TALÍA, S.L. por omisión da función interventora.

Acórdase:

Primeiro. Convalidar as actuacións de gastos levadas a cabo con omisión de requisitos ou trámites esenciais, considerando acreditada para a totalidade dos indicados gastos, - os cales se corresponden na súa totalidade con contratos menores por razón de contía dos regulados no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público-, a necesidade da súa contratación e o cumprimento dos requirimentos fixados no referido precepto legal, de acordo cos antecedentes e informes incorporados ao expediente.

Segundo. Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas dos referidos gastos a favor de PRODUCCIÓN TEATRAIS TALÍA, S.L. segundo se reflicte da factura F/2022/3201, e con imputación á aplicación orzamentaria 040 33403 2269901 que figura na acta de conformidade da factura, por un importe total de 3.557,40 euros.

17. EDUCACIÓN. Referencia: Validación da OFI Factura F/2022/4698 e F/2022/4699.

Validación OFI F/2022/4698 E F/2022/4699 por omisión da función interventora.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de OITENTA E SETE MIL CINCOCENTOS SESENTA E CINCO EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (87.565,90) segundo a relación contable S/2022/294 que corresponde ás facturas F/2022/4698 por importe de 86.017,12 euros e F/2022/4699 por importe de 1.548,78 euros, en concepto de relación de dúas (2) facturas polo “canon polos servizos de conserxería, limpeza e contros en CEIP” e polos “Servizos de limpeza nas instalación anexas dos centros públicos de educación infantil e primaria Monte dos Postes e Roxos”, do mes de setembro de 2022 e que se achega no expediente

18. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00052338K.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda correspondente á empresa “Funeraria Tanatorio Apostol Santiago, S.L.”, pola realización do servizo de conservación e mantemento do Cemiterio de Boisaca dos meses de agosto e setembro de 2022 e dúas inhumacións por beneficencia. (Relación contable S/2022/325).

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da realización do servizo de conservación e mantemento do Cemiterio Municipal de Boisaca correspondente aos meses de agosto e setembro de 2022, e dos gastos de inhumación con cargo a beneficencia municipal de dous cadáveres por un importe total de 24.687,40 euros

2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de vinte e catro mil seiscentos oitenta e sete euros con cuarenta centimos (24.687,40 €) a favor de “Funeraria

Tanatorio Apóstol Santiago, S.L.", imputándose ás aplicacións orzamentarias 2022/020.16400.2270000 e 2022/020.16400.2279900 do orzamento vixente.

3. Dispoñer a continuación das prestacións cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar este prexuízo

19. COORDINACIÓN DE XESTIÓN DE AXUDAS E PROGRAMAS EUROPEOS.

Referencia: 2022/00051793M.

Convalidación da solicitude da axuda para participar na convocatoria de propostas do programa ERASMUS+ proxecto "The Circular Way to Inclusion: Youth Empowerment through Circular Economy", aceptación da subvención concedida e incoación das correspondentes modificacións orzamentarias para incorporar o proxecto ao orzamento 2023.

Acórdase: Primeiro. Convalidar a solicitude de axuda presentada con data 22.03.2022 con identificador nº KA220-YOU-E68D1751 para participar no convocatoria de propostas do programa europeo ERASMUS + co proxecto titulado "The Circular Way to Inclusion: Youth Empowerment through Circular Economy" (O camiño circular cara á inclusión: Empoderamento dos mozos a través da economía circular), do que o Concello de Santiago é o Xefe de Fila.

Segundo. Aceptar a subvención concedida ao abeiro do programa ERASMUS +I para o desenvolvemento do proxecto "The Circular Way to Inclusion: Youth Empowerment through Circular Economy" (O camiño circular cara á inclusión: Empoderamento dos mozos a través da economía circular), por un importe total de 81.200 euros, divididos nas seguintes anualidades:

- 2023: 37.600 euros.
- 2024: 43600 euros.

20. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2021/00057466R.

Corrección de erros na validación da omisión da función interventora relativa a procesos de provisión de persoal por promoción interna: Inspector principal da Policía Local. Expte. 2021/00057466R, aprobada na sesión de 21.11.2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar as actuacións levadas a cabo polo Servizo de Recursos Humanos e Avaliación con omisión de fiscalización previa, anteriores á proposta de resolución de nomeamento de J.M.A.L. como inspector principal da Policía Local do Concello de Santiago de Compostela, praza encadrada na escala de Administración especial, subescala de servizos especiais, subgrupo A2, nivel 24.

ONDE DI:

A Xunta de Goberno Local acorda: Primeiro.- Validar as actuacións levadas a cabo polo Servizo de Recursos Humanos e Avaliación con omisión de fiscalización previa, anteriores á proposta de resolución de nomeamento de J.M.A.L. como inspector principal da Policía Local do Concello de Santiago de Compostela, praza encadrada na escala de Administración especial, subescala de servizos especiais, subgrupo A2, nivel 22.

DEBE DICIR:

A Xunta de Goberno Local acorda: Primeiro.- Validar as actuacións levadas a cabo polo Servizo de Recursos Humanos e Avaliación con omisión de fiscalización previa, anteriores á proposta de resolución de nomeamento de J.M.A.L. inspector principal da Policía Local do Concello de Santiago de Compostela, praza encadrada na escala de Administración especial, subescala de servizos especiais, subgrupo A2, nivel 24

21. EDUCACIÓN. Referencia: 2022/00051582R.

Aprobación da memoria e gratuidade do programa municipal de conciliación de Nadal 2022.

Acórdase:

1.- Aprobar a Memoria do programa municipal de conciliación de Nadal 2022, que terá lugar os días 23, 26, 27, 28, 29 e 30 de decembro de 2022 e o 2, 3, 4 e 5 de xaneiro de 2023 nas instalacións do CEIP Monte dos Postes e CEIP Quiroga Palacios, de acordo coas características recollidas no Informe

2.- Aprobar a gratuidade do programa municipal de conciliación de Nadal 2022, nos termos que se recollen neste informe e na memoria económica.

**21. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2022/00051244P.
Aprobación da substitución de vehículos do transporte urbano e da liña 7.**

Acórdase:

1.- Aprobar, por razón de necesidade urxente e inminente, a substitución de 9 vehículos adscritos o transporte urbano colectivo de viaxeiros levado a cabo pola empresa AUTOBUSES URBANOS DE LUGO, S.A. Y TRAP S.A., Lei 18/1982, que se detallan, como sigue:

Matricula do vehículo + Nº de autobús

8249-FPJ 1971

8768-FPJ 1974

4671-FKG 888

9528-FWM 2335

1178-CJH 1958

8649-FPJ 1973

9943-FWM 2341

6031-FPJ 1967

8608-GRP 2357

E a substitución de dous vehículos da liña 7, prestada pola operadora RIAS BAIXAS S.L.

Matrícula dos vehículos

3017-GJV

9773-DFZ

2.- Aprobar a incorporación de 9 vehículos adscritos ó servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros que serán facilitados pola empresa Autobuses Urbanos de Lugo y TRAP, S.A. UTE Lei 18/1982, con CIF U70032974, operadora do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros, no prazo de 30 días a contar dende a notificación do acordo e que será aboado polo Concello como indemnización polo déficit na prestación do servizo, a razón de 5.165 €, por vehículo/mes ata que se proceda á sinatura do acta de inicio da prestación do servizo por parte do adxudicatario do novo contrato de xestión do servizo público de transporte colectivo urbano de viaxeiros do concello de Santiago de Compostela, en réxime de concesión administrativa.

Aprobar a incorporación de 2 vehículos adscritos ó servizo de prestación da liña 7 do transporte urbano, que serán facilitados pola entidade operadora da mesma RIAS BAIXAS S.L., con de xeito inmediato e que será aboado polo Concello como indemnización polo déficit que supón a prestación do servizo a razón de 150 €/día, por día de servizo, por cada un deles.

Asemade, se aproba a adscrición dun terceiro vehículo Crossway, con data de matriculación de 2016, como vehículo de substitución dos anteriores e sen custe algún para o Concello, para o suposto de que foxe necesario.

3.- Acordar a continuidade de prestación dos servizos derivados do contrato de transporte colectivo urbano de viaxeiros coa UTE TRAPSA-AULUSA, nos mesmos termos que foron pactados mediante o contrato de data 15 de febreiro de 2006, en base ás consideracións que se fixeron constar no acordo da Xunta de Goberno de 2 de febreiro de 2022 e que seguen a manterse nos mesmos termos ata que se leve a cabo a acta de inicio da prestación do servizo por parte do adxudicatario do novo contrato de xestión do servizo público de transporte colectivo urbano de viaxeiros do concello de Santiago de Compostela, en réxime de concesión administrativa. Así como a continuidade da prestación da Liña 7 San Roque-Aríns, pola entidade Autocares Rias Baixas S.L., nas condicións acordadas pola Xunta de Goberno Local o 14 de marzo de 2013

22. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2022/00052024Y.

Proposta do Concelleiro de Mobilidade e Seguridade Cidadá de aprobación de tarifas do servizo de taxi, para o ano 2023.

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aprobar provisoriamente, a expensas da resolución da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, as novas tarifas do servizo de taxi, que entrarán en vigor e serán esixibles ás Persoas usuarias a partir do primeiro día de xaneiro do ano 2023.

TARIFAS:

	DIURNA	NOCTURNA	FESTIVA
Percepción mínima	4,30€	5,00€	4,75€
Km. percorridos	1,20€	1,44€	1,30€
Hora de espera	21,00€	29,37€	24,30€

SUPLEMENTOS:

Por segunda maleta ou vulto: 0,60€

Por bicicletas: 3,20€

Por reserva de servizo: 3,20€

Saída do aeroporto: 4,50€

SERVIZOS CON CONTÍA FIXA

Aeroporto: 23,00€

CONDICIÓN DE APLICACIÓN:

- A percepción mínima inclúe a combinación de 5 minutos de espera ou un percorrido de 1.700m.
- O suplemento “saída do aeroporto” aplicarase unicamente ás tarifas interurbanas 3 e 4.
- A tarifa do aeroporto inclúe un percorrido de 15 km, correspondente ó traxecto entre o aeroporto e calquera outro punto do Concello de Santiago de Compostela, a partir do que se aplicará a tarifa urbana correspondente.
- Os días 1 de xaneiro, 25 de xullo e 25 de decembro aplicarase a tarifa nocturna.
 - A tarifa nocturna aplicarase na seguinte franxa horaria: 23:00h a 07:00h.
- A tarifa dos festivos aplicarase ós festivos, domingos e ós sábados a partires das 15:00 horas.
- A aplicación da tarifa nocturna excluírá a aplicación de calquera outra.

RECOMENDACIÓN:

En canto a obriga dos taxistas de que as tarifas aplicables sexan visibles para as persoas usuarias dende o interior do vehículo, con indicación dos suplementos e das tarifas especiais que proceda aplicar en determinados servizos; recomendase que durante os servizos de taxi se leve a bordo do vehículo, a disposición das persoas usuarias, un exemplar das tarifas en formato braille e que o taxímetro facilite información visual e sonora para as persoas con discapacidade sensorial.

SEGUNDO.- Remitir este acordo ó Consello Galego de Transportes, ós efectos de recadar as súas consideracións, de conformidade co disposto no artigo 40.4 da Lei 14/2013, de 30 de maio, de Transporte Público de Persoas en Vehículos de Turismo de Galicia. Unha vez emitido o seu informe ou transcorrido o prazo legalmente previsto para elo, de conformidade co disposto no artigo 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, procederase a solicitar a aprobación definitiva das tarifas por parte da Comisión de Prezos de Galicia, incorporando, no seu caso, as consideracións remitidas polo Consello Galego de Transporte.

23. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00012088K.

Proposta sobre o recoñecemento de obrigas e aprobación de xustificacións das axudas individuais para uso do taxi para persoas con dificultades de mobilidade. Ano 2022.

Acórdase:

1. Aprobar, previo ao pago, 23 das xustificacións presentadas con importes que oscilan entre os 11,9 e os 350 euros.

O gasto, que ascende á cantidade de **3.631,85 €** irá con cargo á aplicación orzamentaria orzamentaria 020 23100 4800100/2022.

2. Aprobar a desestimación de 8 das solicitudes presentadas por non cumprir as bases da convocatoria.

3. A tramitación do procedemento se axusta ás bases aprobadas e as persoas beneficiarias reúnen os requisitos requiridos e os servizos de taxi presentados están realizados dende o 1 de xaneiro de 2022 ata o período máximo de xustificación.

4. Que se aprobe liberar o saldo resultante da convocatoria con motivo do seu peche.

5. Que na base 12 da Convocatoria e de acordo co artigo 18 da LXS: "1.-A Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade de subvencións. A tales efectos, as administracións concedentes deberán remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e ás resolucións de concesión recaídas nos termos establecidos no artigo 20". Conforme ao sinalado nas bases Nº 1 e 2 da convocatoria, a condición de persoas beneficiarias se refire a persoas con discapacidade que, por teren gravemente afectada a súa mobilidade, ou por residir en zonas rurais, non poden utilizar con carácter xeral o transporte público colectivo para proporcionarlles un servizo de desprazamento en taxi, e tamén as persoas maiores ou persoas que presenten unha doenza que lles impida a condución de vehículos que residan no contorno rural, aínda que non presenten ningunha discapacidade, polo que conforme ao disposto polo artigo 20 da LXS a remisión da correspondente información á BDNS realizárase en función destas persoas beneficiarias e dos importes concedidos ás mesmas.

6. Que ditas axudas estarán exentas de tributación na sede do beneficiario da mesma no caso de cumprírense os requisitos establecidos no artigo 7.y) da Lei Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda dos non Residentes e sobre o Patrimonio, que transcribimos literalmente:

"Estarán exentas las siguientes rentas: y) Las prestaciones económicas establecidas por las Comunidades Autónomas en concepto de renta mínima de inserción para garantizar recursos económicos de subsistencia a las personas que carezcan de ellos, así como las demás ayudas establecidas por estas o por entidades locales para atender, con arreglo a su normativa, a colectivos en riesgo de exclusión social, situaciones de emergencia social, necesidades habitacionales de personas sin recursos o necesidades de alimentación, escolarización y demás necesidades básicas de menores o personas con discapacidad cuando ellos y las personas a su cargo, carezcan de medios económicos suficientes, hasta un importe máximo anual conjunto de 1,5 veces el indicador público de rentas de efectos múltiple".

25. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00018258G.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 20 de Xullo de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Galega para Axuda dos Enfermos con Demencia tipo Alzheimer (AGADEA) para o ano 2022 e o recoñecemento de crédito.

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 20 DE XULLO DE 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN GALEGA PARA AXUDA DOS ENFERMOS CON DEMENCIA TIPO ALZHEIMER (AGADEA) para o ano 2022 e o recoñecemento da obriga, pola contía de TRES MIL EUROS (**3.000,00 €**), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800009 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33).

26. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00016788Y.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 11 de Xullo de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Fonte da Virxe de Familiares e Amigos dos Enfermos Mentais para o ano 2022 e o recoñecemento da obriga.

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 11 DE XULLO DE 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN FONTE DA VIRXE DE FAMILIARES E AMIGOS DOS ENFERMOS MENTAIS, pola contía de TRES MIL CINCO CENTOS EUROS (3.500,00 €) con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800003/2022 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII)

27. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00017594F.

Aprobar parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o 05 de Agosto de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e Cruz Roja Española (Programa SEMUS Compostela) para o ano 2022, e o recoñecemento da obriga.

Apróbase parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o 05 DE AGOSTO DE 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e CRUZ ROJA ESPAÑOLA para o ano 2022, e o recoñecemento da obriga, pola contía de NOVENTA E CINCO MIL SETECENTOS SETENTA E SEIS EUROS CON TRINTA E OITO CÉNTIMOS DE EURO (95.776,38 €), sendo a subvención concedida de CEN MIL euros (100.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800014/2022 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII)

28. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00036727G.

Dación de conta de sentenza e auto de rectificación e complemento do 27/10/2022 recaídos no PA 121/2020 CA1.

Dase conta da Sentenza nº 297/2022 e Auto de rectificación e complemento do 27.10.2022 Procedemento Abreviado 121/2020

Obxecto: contra resolución do 26.11.2019 que desestima

SENTIDO DA RESOLUCIÓN. A sentenza que é desfavorable aos intereses municipais, completouse e rectificouse no Auto do 27.10.2022 co obxecto de suprimir o derradeiro parágrafo do fundamento de dereito (FD en diante) 2º, engadir un novo FD 3º, converter o antigo FD 3º no FD 4º e modificar o contido do fallo no sentido de anular as liquidacións nº 3308032 e 33080033 de IIVTNU e recoñecer o dereito do actor á devolución do importe ingresado e intereses legais. Contra dita sentenza non cabe recurso ningún. As custas impóñense ao concello cun máximo de 400 euros

Acórdase

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial

2. Remítala ao Departamento de Inspección tributaria para os efectos da súa execución, tendo en conta que o presente informe non é preceptivo nin constitúe un requisito previo para levar a efecto a dita execución polo órgano competente unha vez sexa notificada a firmeza da sentenza (Informe AX/115/2022)

29. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00052793Q.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 18 ao 24 de novembro de 2022.

URXENCIAS

30. Aprobación do borrador do acordo de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Paideia Galiza

Apróbase o texto-borrador do acordo de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Paideia Galiza, para desenvolver a iniciativa de Coworking EOI- Paideia (“Go2work Formación en emprendimiento musical”) e da celebración do Demoday derivado do Coworking en Industrias Musicais.

31. Prorroga do contrato de aluguer do local nº 3 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Servizos Básicos), propiedade de J. M. B. G. polo prazo de un ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023, e revisión do IPC.

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de aluguer do local nº 3 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Servizos Básicos), propiedade de J. M. B. G., polo prazo de un ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023. Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 13-febreiro de 2004, na súa cláusula segunda establececese que a partir do ano 2007 o prezo de alugamento incrementarase conforme a variación do IPC dos últimos doce meses, polo que proponse a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (decembro de 2021 ata decembro de 2022). A renda definitiva para o ano 2023 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de decembro de 2022. Para o mes de xaneiro de 2022 satisfacerase a renda actual por importe mensual de: 588,92 € mais IVE (712,59 €).

Segundo.- Aprobar e comprometer un gasto por importe de 8.551,08 €, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 92000 2020000 ADMINISTRACIÓN XERAL ARRENDAMENTOS EDIFICIOS EC, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercicio. Publicado o IPC de decembro de 2022 efectuarase de oficio a revisión correspondente con efectos dende o 1 de xaneiro de 2023, dando conta a Xunta de Goberno e a Intervención Municipal.

32. Prorroga do contrato de aluguer do local nº 9 da rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Cidadá), propiedade de J. M. C. P. polo prazo de un ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023, e revisión do IPC.

Primeiro.- Prorrogar o contrato de aluguer do local nº 9 da rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Cidadá), propiedade de J. M. C. P., polo prazo de un ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023. Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 8-xaneiro-2009, na súa cláusula segunda establececese na súa cláusula segunda establececese que o importe será revisado anualmente, conforme ás variacións que experimente o índice xeral de prezos o consumo, polo que proponse a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (decembro de 2021 ata decembro de 2022). A renda definitiva para o ano 2023 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de decembro de 2022. Para o mes de xaneiro de 2022 satisfacerase a renda actual por importe mensual de: 709,81 € mais IVE (858,87 €)

Segundo.- Aprobar e comprometer un gasto por importe de 10.306,44 €, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 92000 2020000 ADMINISTRACIÓN XERAL ARRENDAMENTOS EDIFICIOS E CONSTRUC, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercicio. Publicado o IPC de decembro de 2022 efectuarase de oficio a revisión correspondente con efectos dende o 1 de xaneiro de 2023, dando conta a Xunta de Goberno e a Intervención Municipal

33. Aprobación do expediente “Obras de rehabilitación de firmes de vías urbanas 2022”.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o expediente denominado “Obras de rehabilitación de firmes de vías urbanas 2022”, e abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación ao abeiro do disposto no artigo 159 da LCSP, establecendo un orzamento de licitación sen IVE: 379.182,73 euros; IVE 21%: 79.628,37 euros; orzamento base de licitación con IVE: **458.811,10 euros**

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato por importe de 458.811,10 euros que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 040 15321 6190000 / 2022 2 VIASU 14 1

34. Adxudicación da “Subministración dun vehículo AUTOBOMBA de primeira intervención para o servizo de extinción de incendios e salvamento do Concello de Santiago de Compostela”.

Acórdase:

Primeiro: Adxudicar a “Subministración dun vehículo AUTOBOMBA de primeira intervención para o servizo de extinción de incendios e salvamento do Concello de Santiago de Compostela” á empresa a ROSENBAUER ESPAÑOLA S.A, por importe de 380.120,00 euros máis 21% IVE: 79.825,20 euros, sendo a súa proposta a única presentada.

A empresa adxudicataria oferta como melloras:

“Mejora 1. Mejoras relativas a la bomba de agua y su funcionamiento: Curva con menor variación de presión ante variación brusca de caudal. Rodetes múltiples por lo menos 4 en la etapa de alta y 1 en la etapa de baja en contraposición.

Mejora 2. Mejoras relativas al proporcionador de espuma: Manejo integrado en el mismo panel de control de la bomba. Concentración mínima de mezcla alcanzable. Mayor caudal de espumógeno alcanzable en la mezcla. Menor caudal de agua a partir del cual puede realizar la mezcla.

Mejora 5. Mejora en las persianas: Instalación de cerraduras en todas las persianas”.

Desígnase como responsable do contrato o Xefe de Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.

Segundo: Comprometer un gasto por importe de **459.945,20 euros** con cargo á aplicación 060 13600 6240000 (código Proxecto: 2021 3 UNESP 21 1 GASTOS E INVESTIMENTOS BOMBEIROS) dos orzamentos municipais para 2022.

35. Aprobación do expediente denominado “Prestación dos servizos asociados ao programa "COLABORA E INNOVA NO TEU BARRIO" no marco da operación "Faino Tí" da EDUSI REVIVE de Santiago de Compostela financiada nun 80% polo programa operativo (POPE) de crecemento sostible FEDER 2014-2021 (Integrado polo deseño e desenvolvemento dun fab lab (LOTE 1), a posta en marcha da e a REDE TIC2 e a difusión do fab lab e a rede tic2 (LOTE 2), e un catálogo de boas practicas en materia de usos das tic e talento STEM relacionado con oficios tradicionais e industrias asentadas no Concello de Santiago de Compostela (LOTE 3“ e abrir o procedemento aberto de adxudicación mediante tramitación ordinaria.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar expediente denominado “Prestación dos servizos asociados ao programa COLABORA E INNOVA NO TEU BARRIO" no marco da operación "Faino Tí" da EDUSI REVIVE de Santiago de Compostela financiada nun 80% polo programa operativo (POPE) de crecemento sostible FEDER 2014-2021 (Integrado polo deseño e desenvolvemento dun fab lab (LOTE 1), a posta en marcha da e a REDE TIC2 e a difusión do fab lab e a rede tic2 (LOTE 2), e un catálogo de boas practicas en materia de usos das tic e talento STEM relacionado con oficios tradicionais e industrias asentadas no Concello de Santiago de Compostela (LOTE 3)” e abrir o procedemento aberto de adxudicación mediante tramitación ordinaria, establecéndose un tipo de licitación de:

Lote I: **108.016,70 €** (base imponible de 89.270,00 € máis IVE do 21% de 18.746,70 €).

Lote II: **86.276,63 €** (base imponible de 71.303,00 € máis IVE do 21% de 14.973,63 €).

Lote III: **16.598,85 €** (base imponible de 13.718,06 € máis IVE do 21% de 2.880,79 €).

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 030 43300 2269900 (Código de Proxecto: 2018 3 EDUSI 3 Faino Ti) e está cofinanciado polo PO FEDER 2014-2020 nun 80 % dentro do OT 9 da EDUSI “RE-VIVE”,

reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, a súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

ANUALIDADE 2022

Total orzamento **97.146,67 €**

Lote I 54.008,35 €

Lote II 43.138,32 €

Lote III ***

ANUALIDADE 2023

Total orzamento **113.745,52 €**

Lote I 54.008,35 €

Lote II 43.138,31 €

Lote III 16.598,85 €

Esta actuación forma parte da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado do Concello de Santiago (EDUSI Santiago) cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020 nun 80% sendo o 20% restante con cargo a dotación económica municipal.”

36. Aprobación do expediente “Subministración para a remodelación e creación dun espazo de xogos infantís singulares e naturalizados no parque da alameda de Santiago de Compostela”.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o expediente denominado “Subministración para a remodelación e creación dun espazo de xogos infantís singulares e naturalizados no parque da alameda de Santiago de Compostela”, e abrir o procedemento aberto de adxudicación ao abeiro do disposto nos artigos 156 a 158 da LCSP, establecendo:

Orzamento de licitación sen IVE: 274.531,12 euros.

IVE 21%: 57.651,54 euros.

Orzamento base de licitación con IVE: **332.182,66 euros**

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato por importe de 332.182,66 euros que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 020 17100 6190001 2022 4 RLTPA 48.

37. Xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e o Club Triatlón Santiago para o ano 2021.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación presentada polo CLUB TRIATLÓN SANTIAGO do convenio de colaboración asinado co Concello, ano 2021, sendo a cantidade a abonar de 20.000 €, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890010.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor do CLUB TRIATLÓN SANTIAGO, anualidade 2021, por importe de de 20.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890010.

38. Aprobación do expediente “Subministro e implantación dunha dobre barreira de seguridade (corporativa e perimetral) para o Concello de Santiago de Compostela cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea.”

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o expediente denominado “Subministración e implantación dunha dobre barreira de seguridade (corporativa e perimetral) para o Concello de Santiago de Compostela cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea.”, e abrir o procedemento aberto de adxudicación ao abeiro do disposto nos artigos 156 a 158 da LCSP, establecendo un orzamento de licitación sen IVE; 328.137,74 euros; IVE 21%: 68.908,93 euros; orzamento base de licitación con IVE: **397.046,67 euros**

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato por importe de 397.046,67 euros que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 030 92001 626000 2018 2 EDUSI 6. Esta operación está cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea nun 80%